


# TERRA DE OUTES 66

Abril - Xuño 2024

1€



nesten.

A xurisdición de Muros (XXVIII)  
Conceptos económicos adornados de  
frases míticas  
Veciños discretos de Outes (VI)  
Corrixe a Natureza os seus erros?  
As cruces, oración de pedra (II)  
Grupo de Teatro do A.C.C. Terra de Outes  
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...  
Luis Mayo

## Editorial

### XENOCIDIO EN VIVO E EN DIRECTO

As imaxes que cada día vemos nos informativos da TV semellan dunha serie de terror e violencia extrema. Iso si, avisan de que poden ferir a nosa sensibilidade coma se as feridas reais que se transmiten pertencesen a un universo paralelo que nada ten que ver connosco; eles non teñen a opción de miraren para outro lado; miran para onde miran ven o que nós non queremos ver: corpos de nais, fillas, pais en anacos, vivos ou mortos, agoñías por traumas, deshidratación, fame, enfermidades para as cales agora non teñen medicamentos ou pragas que simplemente aproveitan as insalubres condicións da súa existencia para se propagaren. Por iso, ás veces, eles láianse de que unha bomba israelí non acabase coas súas vidas para non teren que ver como morren os seus familiares; non poden mirar para outro lado, só a morte pode solucionarlles o problema da súa sensibilidade diante do sufrimento alieo. Nós en directo e eles en vivo.

Hai responsables:

Obviamente o goberno de Netanyahu e os seus ministros. Dúas mostras: Itamar Ben-Gvir, ministro de seguridade nacional, líder do partido de extrema dereita Poder Xudeu, foi condenado por apoio ao terrorismo e incitación ao racismo ata en 8 ocasións; na sala da súa casa tiña colgado o retrato de Baruch Goldstein, o xudeu ortodoxo que en 1994 entrou nunha mesquita en Hebrón armado con granadas e un M-16 e masacróu os fieis. Yoav Gallant, ministro da Defensa, quen, preguntado sobre a morte de inocentes polos bombardeos, respondeu que se trataba de "animais humanos".

O Goberno dos EUA, que subministra as armas e que, por tres veces, impediu, exercendo o seu dereito de veto, que a ONU ordenase un alto o fogo e a apertura das fronteiras con Israel para o envío de alimentos e medicamentos.

Os países da UE, que nin sequera se puxeron de acordo para suspender a venda de armas a Israel mentres dure o conflito.

A denuncia por xenocidio do Goberno de Suráfrica contra o Estado de Israel debería sacarlles as cores aos gobernos occidentais. Nela non só se acusa Israel de xenocidio senón tamén de apartheid durante 75 anos, 56 de ocupación belixerante e 16 de bloqueos de Gaza. Ao longo de todos estes anos, os EUA sempre estiveron ao lado de Israel e os países da UE sometéronse á súa vontade, mirando para outro lado ou con medidas insuficientes para obrigar Israel a respectar o dereito internacional e as resolucións das Nacións Unidas. Este non será o primeiro xenocidio que sofre o pobo palestino; de xenocidio cualificou a Asemblea Xeral da ONU as matanzas de Sabra e Shatila (1982), responsabilizando Israel por ser a potencia ocupante dos campamentos.

Solidariedade coa Palestina

### Sara Caamaño... Campioa!!

Neste ano en curso, unha vez máis, Sara Caamaño volveu levar o nome de Outes polo mundo, desta vez no campionato de Sub-16 de Atletismo, cun lanzamento de peso e rexistro persoal de 12,35 metros, acreditándose a medalla de prata na súa primeira aparición nun torneo de ámbito estatal, na cidade de Valencia.

Parabéns, pola dedicación e disciplina, pois baixo o traballo está todo... Agradecidos polo exemplo... Ánimo!!



Foto: La Voz de Galicia - Barbanza

**Director:** Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

**Xefe de Redacción:** Mingucho Campos

**Consello de Redacción:** Xoán X. Mariño,  
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

**Edita:** A.C.C. Terra de Outes

**Maqueta e imprime:** Grafinoia, S.L.

**Correo electrónico:** terradeoutes@gmail.com

**Visita a nosa páxina web:**  
[www.terradeoutes.com](http://www.terradeoutes.com)

Revista subvencionada por:



**Deputación  
DA CORUÑA**



**Concello  
de Outes**

## Asemblea xeral ordinaria de Terra de Outes

O pasado 20 de xaneiro celebrouse, no local do Cruceiro de Roo, a asemblea xeral ordinaria da asociación. Aprobáronse as contas do ano 2023, deuse conta das actividades realizadas este ano e aprobáronse as actividades a realizar en 2024.

Rematada a asemblea, como é habitual, celebramos un xantar,

no que o prato principal foi un impresionante cocido, moi louvado polos e polas comensais, elaborado polo socio de Terra de Outes, e cociñeiro profesional, Juan Padín.

Mentres se tomaba o café e diversos licores, Ramón Blanco presentou o número 65 da revista *Terra de Outes*.

## Terra de Outes e Concello presentan o proxecto de dinamización do estaleiro ao GALP e solicitan financiamento

As axudas financeiras ás que se pretende ter acceso son no 70% de procedencia comunitaria para o desenvolvemento territorial, en concreto denomínanse Fondos Europeos Marítimos, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) e xestiónanse a través da Consellería do Mar que, para a posta en marcha do desenvolvemento local participativo na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do período de programación do FEMPA, seleccionou os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) e aprobou as estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP). O restante 30% son de procedencia autonómica.

Establecéronse 8 territorios GALP para a costa galega, correspondéndolle a Outes o número 5:

GALP Seo de Fisterra Ría de Muros Noia: Costa Sustentable: Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbria, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son. Concello de Outes e Terra de Outes, que solicitan a axuda conxuntamente, son membros do GALP5.

O obxectivo do proxecto, descrito dunha maneira xenérica, é o fomento do patrimonio cultural marítimo da carpintería de ribeira e das embarcacións tradicionais e que se concreta en catro accións:

1. Establecemento dunha mariña de embarcacións tradicionais arredor do espazo museístico do estaleiro Ciprián.
2. Construción dun bote sancosmeiro.
3. Realización de cursos de carpintería de ribeira, tamén no estaleiro-museo.
4. Documentación videográfica destas tres accións.

Todo deberá integrarse no museo, é dicir, terá carácter expositivo de xeito que forme unha parte da oferta para os e as visitantes.

Establecer os obxectivos foi bastante sinxelo, o grupo de traballo integrado polos membros de Terra de Outes Xesús Mato, Alberto Martínez e Juan Padín, e os do Concello: o alcalde Manolo González, o concelleiro de cultura Anxo Núñez, a concelleira e deputada provincial M<sup>a</sup> Soledad Agra e o axente de desenvolvemento local Carlos Rodríguez perfilamos as ideas básicas nas primeiras reunións.

Pero para concretar as accións necesarias para o desenvolvemento dos obxectivos foi preciso botar man de especialistas na construción de embarcacións e en carpintería de ribeira:

-Lino Lema, técnico xubilado da Consellería do Mar, impulsor da creación da Escola de Carpintería de Ribeira A Aixola e da FGCMF (Culturmar) e organizador do I Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, entre moitas outras iniciativas relacionadas coa cultura mariñeira.

-Ramón Collazo e Xerardo Triñanes, membros de AGALCARI (Asociación Galega da Carpintería de Ribeira), o primeiro presidente da asociación e o segundo autor do libro sobre o sancosmeiro que se brindou para proporcionarnos os planos da embarcación e calquera asesoramento no proceso de construción.

-Santiago Cancelas, mestre carpinteiro da Aixola, que elaborou un modelo de proxecto didáctico de carpintería.

Todos foron colaboradores imprescindibles para levar adiante o proxecto. A todos eles, que viaxaron ata Outes para participar en distintas reunións de traballo, Terra de Outes agradécelles a súa colaboración e o seu tempo.

Esperemos que o traballo feito dea os seus froitos, que o proxecto sexa finalmente aprobado, o que sen dúbida contribuirá a acrecentar o valor referencial do Espazo Museístico Estaleiro Ciprián na cultura mariñeira de Galiza.



Presentación da revista *Nova Ardentía* no estaleiro Ciprián. Foto: Manolo Lara.

## O sancosmeiro



Neste pasado 14 de xaneiro tivo lugar a presentación dun caderno sobre a orixe do sombreiro de palla coñecido mundialmente co nome de sancosmeiro. O acto para tal efecto levouse a cabo na Nosa Taberna, en Santo Ourente de Entíns, onde o recinto quedou pequeno para a multitude de veciños que alí se reuniron. O autor, Luís del Río, estivo acompañado polo historiador local Xoán Mariño e mais a veciña da parroquia, nestes momentos deputada provincial na área de Cultura, Soledad Agra. Parabéns e a seguir indagando na nosa cultura.

# A Xurisdición de Muros (XXVIII)

Interrogatorio da vila de Muros.  
Resposta ás preguntas 21.<sup>a</sup> a 29.<sup>a</sup>

Xoán F. García



IMAXE: murosaugaesal.com.

A xurisdición de Muros (Muros, Outes, Carnota e Mazaricos) era a máis importante do arcebispado, quen -probablemente no século XIV- mandou construír as murallas para protexer a vila.

21.<sup>a</sup>.- **Á vixésimo primeira**, que esta vila e termo que comprende se compón de catrocentos sesenta veciños, sen que ningún teña ou viva en casais ou facendas, e para maior verificación remítense á lista dos veciños e demais recados presentados na que constará o número fixo, e responden.

22.<sup>a</sup>.- **Á vixésimo segunda**, que nesta vila e o seu termo hai tantas casas como veciños que as habitan. Exceptuando algunhas de planta baixa que serven para recoller gando,

ningunha é inhabitable nin arruinada, cuxas particulares rendas constarán nas relacións ás que se remiten, e responden.

23.<sup>o</sup>.- **Á vixésimo terceira**, que esta vila ten e posúe os bens propios seguintes: unha casa dunha altura, fronte de doce varas e seis de fondo, lindando coa de don Alberto Jiance á dereita, á esquerda coa rúa, cuxa casa se atopa situada na praza desta vila e serve de consistorio para as cousas relativas ao Concello. Ten tamén un monte chamado

de Muros e Miraflores de cen ferrados de extensión improdutivo de natureza, que demarca ao levante coa mesma vila de Muros, ao poñente coa freguesía de Santiago de Louro, ao norte co termo de San Xoán de Serres e ao sur co mar, e cuxa figura é a da marxe. Igualmente, ten a vila por propios cento dezasete reais de billón que anualmente lle paga á dita freguesía de Santiago de Louro, por antiga posesión, sen saberse doutro tributo. Así mesmo cobra catrocentos setenta e nove reais de billón de dous xuros na vila de Madrid, como constan nos Privilexios cuxas copias se ofrecen a presentar. Ten, tamén, en virtude de Privilexio, o décimo da banastraría que por un quinquenio rende anualmente cento cincuenta reais de billón. Igualmente, ten de renda douscentos corenta e catro ferrados de terreo anuais que lle pagan os veciños do termo desta vila e os da freguesía de San Xián de Torea polo lugar de Pando; en intelixencia, o que esta freguesía paga son trinta ferrados e responden.

24.º.- **Á vixésimo cuarta**, que do que contén a pregunta, só ten esta vila o arbitrio dun cuarto en azumes de viño e un cuarto nun milleiro de sardiñas, que por un quinquenio importaría tres mil reais de billón, e responden.

25.º.- **Á vixésimo quinta**, que os salarios que satisfai sobre os propios que deixan declarado son os seguintes: á Colexiata desta Vila cen mil marabedís por razón de décimos e fundación da mesma colexiata; á Mesa Capitular da cidade de Santiago mil douscentos noventa e seis reais de billón por razón de décimo ou sinecura, coa advertencia de que aínda que a vila pague as expresadas pensións por razón de décimo, non por iso os cobra, pois estas pagas saen dos propios e arbitrios antecedentes, e outras contribucións son por imposición antiga que a vila tomou para si, para a fundación doutra colexiata, para eximir os veciños dela, de concorrer cos décimos que antes da outra fundación se pagaban ao cura párroco que o era da que hoxe é Colexiata e ao expresado cabido. Paga tamén esta vila ao Convento de San

Francisco que hai nela catrocentos cincuenta reais de billón por razón de padroado e sermóns de entre ano. Así mesmo paga a cera e aceite que se consome nas dúas igrexas, Colexiata e Parroquial, e por un quinquenio chega a mil reais de billón cada ano, setecentos de subsidio e escoitado polas dúas igrexas, Colexiata e Parroquial, anualmente e en cada terzo, douscentos cincuenta reais de billón. Do escribán do Concello cento dezasete cada ano. Ao notificador corenta e catro; ao reloxeiro cincuenta e cinco; a cada rexedor vinte e cinco, e os novecentos sesenta reais de billón ao arcebispo de Santiago por razón do décimo de mular e culler, como queda expresado na pregunta segunda, e responden.


26.º.- **Á vixésimo sexta**, que o común desta vila non ten cargos de xustiza, censos, nin outra cousa do que contén, e responden.

27.º.- **Á vixésimo sétima**, que a dita vila paga anualmente á S.M. –que Deus garde–, por razón de servizo ordinario e carnes, uns mil seiscientos trinta e dous reais de billón, e en cada terzo cincocentos corenta e catro, sempre que se remiten ao testemuño pola Xustiza, de cuxa contribución e outras comparticións de utensilios e máis que se ofrecen agardan o alivio da Real Piedade, e responden.

28.º.- **Á vixésimo oitava**, que non saben que nesta vila teña a S.M. alleado décimo, emprego ou cousa ningunha, a excepción dos que levan deposto na pregunta segunda. Propios e arbitrios da vinte e tres a vinte e catro, e responden.

29.º.- **Á vixésimo novena**, que non hai pontes, barcas, feiras nin outra cousa do que contén a pregunta, nin tampouco tabernas que se atopan nesta vila por conta da S.M.

Tan só hai unha carnizaría, que corre por conta de don Juan Malvarez, Pedro García, veciño de San Xoán de Serres e Francisco da Veiga, veciño da vila de Noia, que a teñen por arrendo da Xustiza e Rexemento, e satisfeitos os décimos da Súa Maxestade, regúlanlle de utilidade a cada un mil cen reais de billón e responden.



**A Óptica da túa confianza!**

**Malecón de Cadarso, 3** (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tif. **981 82 42 60**

**NOIA**

# Conceptos económicos adornados de frases míticas

Kiko Vidal

## 1.- A INFLACIÓN

“A inflación é a nai do paro e o ladrón invisíbel dos que aforran.”

MARGARET THATCHER

“A inflación é tan violenta coma un ladrón, tan aterradora coma un ladrón armado e tan mortal coma un asasino a soldo.”

RONALD REAGAN

Quería empezar este artigo con dúas citas referidas á inflación de dous importantes políticos do século pasado, citas que figuran recollidas no último libro que lín, titulado *INVESTIR DE FORMA INTELIXENTE NUNCA FOI TAN FÁCIL*, libro publicado por “GESTIÓN 2000” e escrito por dous autores, Carlos Aso e Ana Martín, ámbolos dous membros da dirección de MyInvestor, un neobanco propiedade, entre outros, de Andbank, AXA e El Corte Inglés. Recomendolle a lectura deste libro a toda aquela persoa que estea interesada ou, polo menos, que mostre certa inqueda polo mundo do aforro e do investimento.

Escollín primeiro estas dúas citas pois parécenme que dan na diana no grave problema que teremos se non facemos nada cos aforros, moitos ou poucos, que poidamos ter. De feito, o primeiro capítulo do comentado libro empeza dicindo que “o maior risco para o teu diñeiro é non investilo”, pois te-lo diñeiro na conta sen producir nada o que fai é empobrecerte e beneficiar unicamente o banco onde o teñas depositado.

Supoñamos que a inflación é dun 5% anual; o que hoxe vale 100 euros, para o ano valerá 105, para o ano seguinte, 110,25, para o outro, 115,76, e o quinto ano, 121,55. Se subímo-la cifra e aumentámo-lo prazo teremos que, neste escenario de inflación, 100 mil euros de hoxe equivalerán a 14.204 dentro de 40 anos.

Se a inflación é dun 2% (obxectivo dos bancos centrais de tódolos países), a deterioración anual é menor, pero tamén significativa. De feito, neste escenario, 100 mil euros de hoxe equivalerán a 45.289 euros dentro de 40 anos.

Creo que estes dous exemplos deberían ser suficientes para que ningún teña como opción de aforro (polo que poida pasar no futuro) deixar cartos nunha conta corrente a un tipo 0%; non obstante, nas miñas conversacións sobre estes temas non paro de encontrarme con xente que si que o fai, alegando que non quere correr riscos, e eu non paro de rirme para min (non quere correr riscos e admite que vai perder cartos a moreas si ou si).

A filosofía correcta sería pensar que, se non quero correr riscos —é dicir, non me empobrecer—, teño que ter como obxectivo que os meus cartos deben render como mínimo o equivalente á inflación. É máis, se somos estritos, teñen que render máis cá inflación, pois non esquezamos que a Facenda ignora totalmente a inflación e conta como beneficios, e polo

tanto grava con impostos, todo o xuro que nos dean polos cartos, aínda que estes xuros sexan menores que a inflación. Explicóme: se teño unha conta corrente que me dá unha remuneración, a Facenda levarase como mínimo un 19% desa remuneración. Polo tanto, se a inflación é dun 2,5%, se non quero empobrecerme terei que obter uns xuros de polo menos o 3,086%. Neste punto quizais convén lembrar como tributan os rendementos do capital ou as ganancias patrimoniais, tributación que se resume do seguinte modo:

.. Os primeiros 6 mil euros.....	19%
.. Entre 6 e 50 mil euros .....	21%
.. Superiores a 50 mil euros .....	23%

En artigos meus publicados en anteriores números da nosa revista creo que deixei claro que, aínda no caso de persoas que pola súa aversión ó risco non queiran contratar fondos de investimento ou produtos similares, afortunadamente existen neste momento produtos no mercado sen apenas risco que nos permiten bate-la inflación. Falo de contas remuneradas e depósitos a prazo; existen neste momento ofertas que, con certas condicións, chegan (ou inclusive superan) o 4%, e que sen condicións ningunhas superan o 3%, e permítennos, polo tanto, que a inflación non nos faga perder cartos. A xente que prefira te-los cartos a un tipo 0% na súa conta bancaria de toda a vida, e non faga uso destas alternativas de remuneración que está dando o mercado, considero que está cometendo unha grave irresponsabilidade. De feito, quen teña 92 mil euros nunha conta bancaria a tipo cero, como mínimo tiraría os mesmos cartos ca outra que acendese o lume tódolos días do ano cun billete de 10 euros pero ó mesmo tempo contratase un bo depósito a prazo.

## 2.- O TIPO DE XURO COMPOSTO

“O tipo de xuro composto é a maior forza do Universo.”


Frase atribuída, segundo a lenda, a ALBERT EINSTEIN

No citado libro tamén se fai referencia a dous conceptos que inflúen dunha forma moi importante no resultado do noso aforro/investimento, como son o xuro composto e as achegas periódicas.

O tipo de xuro composto é o reinvestimento do beneficio xerado. Se os rendementos que obtémo-lo primeiro ano do noso investimento non os retiramos e os deixamos producir ou rende-lo segundo ano e sucesivos, estaremos beneficiándonos do xuro composto. Fixádevos que forza ten o xuro composto: nun escenario de tipos do 5% o xuro simple faría que 10 mil euros de hoxe se convertesen en 30 mil euros dentro de 40 anos, pero o xuro composto (é dicir, reinvestindo os beneficios) convertería eses mesmos 10 mil en máis de 70 mil.

As achegas periódicas non precisan de definición, pero tamén terían un efecto multiplicador descomunal no resultado do noso rendimento. De feito, un investimento inicial de 10 mil euros cunhas achegas mensuais de 300 euros nun escenario de tipos do 5%, converterían eses 10 mil euros iniciais en 304 mil ó cabo de 30 anos.

Afortunadamente, e como xa dixen, hoxe en día existen alternativas de aforro (contas remuneradas e depósitos a prazo) que nos permiten obter algo de rendibilidade sen asumirmos riscos, pero si que temos que ser conscientes de que ó longo prazo non son as mellores opcións.



Wall Street. Fonte: *EI DINERO*

### 3.- DESCONFÍA E PENSA

“Antes de escoita-lo que din, infórmate de quen paga o micrófono.”

Andrés Rábago García “EL ROTO”

Esta é outra das citas míticas que se recollen no libro comentado. En economía hai que aplicalo naqueles casos en que dende a nosa oficina bancaria habitual nos recomentan investir en determinado produto bancario. Non quero de ningún modo, e máxime tendo en conta a miña etapa profesional como empregado da banca, estigmatiza-los comerciais da banca, pero tampouco non temos que ser tan ilusos como para pensar que o que nos están ofrecendo é o mellor do mundo. Non esquezamos que un empregado da banca non deixa de ser unha persoa que ten que axudar a cumpri-los obxectivos que lle establecen os seus superiores; vaille parte do soldo e incluso o emprego niso. Evidentemente, o obxectivo do banco non ten que coincidir necesariamente co teu. O banco sempre vai intentar venderche aquel produto en que gaña máis comisións e, xa se sabe, comisión para o banco é o mesmo ca menos cartos para ti. Tamén neste libro se pon un exemplo da influencia das comisións na rendibilidade final dun produto. Supoñamos un investimento de 40 mil euros nun produto bancario que nos garante un tipo de xuro do 5% anual. Se nos cobran unha comisión do 0,5%, ó cabo de 50 anos teremos un total de 361 mil euros, pero, se a comisión é do 2%, o resultado baixará a 175 mil euros.

### 4.- A BOLSA COMO APOSTA GAÑADORA

“O éxito no investimento leva tempo, disciplina e paciencia.”

WARREN BUFFETT

Non quería concluír sen mencionar estotra frase mítica dunha das persoas máis ricas do mundo, tamén citada no comentado libro. O Sr. Buffett comezou vendendo botellas de Coca-Cola de forma ambulante con 7 anos e acabou amasando unha gran fortuna principalmente a base de investir dende moi novo en empresas cotizadas na bolsa.

E si, rotundamente, eu creo que o investimento na bolsa pode se-la mellor aposta, sempre e cando o fagamos con criterio. Posibelmente non sexamos capaces de iguala-los beneficios do Sr. Buffett, pero, aínda así, penso que é a mellor opción, sempre e cando teñamos, como el di, tempo, disciplina e paciencia. A historia confirma que a renda variábel (é dicir, a bolsa) é o activo máis rendíbel ó longo prazo. Aínda que ó curto prazo os movementos do mercado son impredicibeis e podemos perder moito diñeiro, ó longo prazo a historia fálanos de todo o contrario, sempre e cando o investimento se faga a partir da idea da maior diversificación posíbel.

E, cando falamos de diversificación, temos que entender este concepto en tódalas súas acepcións:

. Diversificación temporal. Recoméndase reparti-lo investimento na bolsa de forma temporal. É dicir, se temos 10 mil euros, en lugar de mete-los 10 mil dunha única vez, recoméndase face-lo investimento de forma temporal, é dicir, cunha cadencia mensual: 50, 100, 200 euros ó mes. A razón é que se entramos dunha única vez pode ocorrer que entremos nun intre onde a cotización estea moi alta, mentres que se vamos entrando paulatinamente iremos ponderando o prezo de compra. A experiencia demostra que, ó longo prazo, a rendibilidade final tende a ser superior con este sistema.

. Diversificación xeográfica. Nunca investir soamente nas empresas dun país; moito mellor facelo sempre no maior número de países. Xeralmente, fábase de investir en varios mercados; EUA, Europa, Xapón, China, resto da Asia etc.

. Diversificación sectorial. Se ben en períodos curtos é moi probábel que se gañe máis investindo en sectores que estean de moda ou no seu *momentum* (por exemplo, tecnoloxía, banca, materias primas etc), ó longo prazo os resultados tenden a ser mellores coa maior diversificación sectorial posíbel.

. Diversificación por tamaño de empresas. Seguro que moitos dos lectores teñen oído falar das sete magníficas (Apple, Microsoft, Nvidia, Alphabet, Amazon, Meta e Tesla), é dicir, as 7 empresas de maior capitalización do mundo. Evidentemente, débese investir nesas empresas pero tampouco non debemos deixar a un lado as *medium cap* (empresas de capitalización media) ou as *small cap* (empresas de pequena capitalización), pois, dependendo das circunstancias dos mercados, son unhas ou as outras as que máis medran porcentualmente.

Seguro que vos estades preguntando que o que estou dicindo sobre a diversificación é moi bonito pero imposíbel de conseguir para a maior parte dos mortais; pois non, si que é posíbel conseguila diversificación e a un custo reducido, só temos que comprar participacións no que se chama fondos de investimento indexados ou, se queremos dar un paso máis, contratar un *robo advisor*. Outro día, e con máis tempo, profundaremos nestes dous produtos, que son, para min, os máis interesantes que comercializa MyInvestor.



IBEX. Fonte: Cinco Días



## CONSTRUCCIÓNS BLANCO

Traballos de  
Albanelería  
e Cantería



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: [construccionblanco.com](http://construccionblanco.com)

[facebook.com/construccionblanco/](https://facebook.com/construccionblanco/)

# Veciños discretos de Outes (VI)

*Zostera marina*, a herba que volveu ao mar

Emilio del Río

É de todos coñecido que a vida no planeta Terra xurdiu nun primeiro mar hai uns 3.000 millóns de anos. A Evolución foi derivando en formas de vida diferentes e cada vez máis ricas e sorprendentes, con momentos de explosión da biodiversidade e outros de redución ou cambios drásticos por catástrofes climáticas ou cataclismos. Dous fitos nesas extincións masivas, que case acaban coa vida no noso planeta, foron a extinción do Pérmico hai uns 250 millóns de anos ou a máis coñecida desaparición dos dinosauros hai 70 millóns de anos debida ao cambio climático do impacto dun enorme meteorito no que hoxe é o Golfo de México. Precisamente sobre iso, e aínda que unha boa proporción de dinosauros era “herbívora”, maiormente os de maior tamaño, non existía a auténtica “herba” tal e como a coñecemos na actualidade, porque aínda non apareceran sobre a terra as diferentes especies de herbáceas que despois conquistaron o mundo, até xusto despois desta extinción de hai 70 millóns de anos. Os grandes saurios alimentábanse doutros tipos de plantas e vexetais.

As herbas son dos vexetais máis “novos” sobre a face da terra mais axiña colonizaron amplas extensións, particularmente onde as árbores non podían medrar polas condicións hidrolóxicas, o vento, etcétera, coma a tundra euro-asiática, as pradarias de América do Norte ou as extensas Pampas do cono sur americano. As herbas teñen un segundo fito evolutivo ligado directamente á evolución e ao enorme desenvolvemento dos seres humanos durante o Neolítico, porque os cereais que favoreceron os primeiros asentamentos humanos ao garantir as colleitas do gran e dos cereais son,




Figura 1. *Zostera marina* coa marea baixa na área intermareal da praia de Broña, xusto por diante da emblemática pena dos Corvos. Con frecuencia é confundida polos bañistas cunha alga cando, en realidade, se trata dunha herba que medra de forma natural no mar, o seu hábitat.

precisamente, herbáceas. As primeiras grandes civilizacións exipcia e mesopotámicas deberon a súa existencia a unha variedade de herbáceas: os cereais.

No amplo mundo das herbas, que relacionamos con terras emerxidas, con precipitacións de escasas a moderadas, houbo tamén especies herbáceas que exploraron e prosperaron en

medios acuáticos plenos, tanto doces coma salgados, facendo unha viaxe de ida e volta ao mar onde moitos millóns de anos antes xurdira a vida. En realidade, as diversas especies de cetáceos (baleas, golfinhos, cachalotes e toniñas) son mamíferos que tamén despois de evolucionaren en terra preferiron voltar ao mar onde prosperan. Son varias as especies de herbáceas que se aclimataron a vivir en auga salgada, a máis coñecida é probablemente a posidonia, que forma




Figura 2. Aspecto vizoso da *Zostera* coa auga salgada superficial onde se pode recoñecer mellor a súa natureza de planta herbácea e a súa viva cor verdecente coa luz do sol.



extensas pradeiras no Mediterráneo e que constitúe un ecosistema moi interesante que alberga moitas das principais formas de vida dese mar. Tamén hai árbores que medran en auga salgada. A máis coñecida é o mangle, que forma extensos manglares propios dos mares tropicais de Centroamérica, África e Asia.

En Galicia, particularmente nos esteiros dos ríos, son comúns dúas herbáceas do xénero *Zostera*. O nome de *zostera* vénlle do termo grego “*zoster*”, que significa “faixa”. E por iso, medicamente, se chama “herpes *zoster*” ao que colle toda unha franxa ou faixa de pel. A *zostera* pode acadar unha lonxitude de metro e medio, pero nos entornos de Outes onde a podemos observar raramente sobrepasa os 30 a 50 centímetros (figura 1). Esténdese en matos agrupados, que medran por estolóns ou talos laterais baixo a area, coma moitas outras herbáceas. Tamén hai localizadas pradeiras de *zostera* na zona mareal en augas someras dos arquipélagos



Figura 3. As pradarias de *Zostera* crean auténticos refuxios para a microflora e pequena fauna mariña, nos que asentan pequenos caracois, crías de peixes, incluído o simbólico e escaso cabaliño de mar, e asento de postas de pequenos cefalópodos que adoitan verse como pequenos grumos xelatinosos.

do Parque das Illas Atlánticas, en Cortegada, Sálvora e Illas Cíes. Outra área de extensas pradeiras de *zostera* en Galicia sitúase no fondo da ría de Vigo, entre as Illas de San Simón e a desembocadura do río Verdugo. Precisamente aí ten un papel moi destacado ao crear un entorno ideal para a vida e reprodución dunha especie emblemática da ría de Vigo: o choco de Redondela.

En Outes poden verse matos de *zostera* en varias áreas dos areais do esteiro do Tambre, na praia de Broña, onde é tan discreta que pasa por desfiachados de algas (figura 2) coa marea baixa na zona intermareal, aínda que pode vivir até os 20 metros de profundidade. Con frecuencia son vistos por mariscadores e por bañistas como un encordio. Para os primeiros porque lles parece que reducen a área de cría de bivalvos e, para os segundos, porque lle son molestas no uso recreacional dos areais. Tanto a uns coma outros cómpre lembrarlles que son un tesouro protexido pola rede Natura 2000, que está én regresión, que somos nós quen invadimos o seu territorio natural e o seu fogar e non ao revés. Ademais de que xeran importantes beneficios ambientais ao crearen un hábitat que estabiliza os sedimentos, serve de refuxio e substrato a pequenas formas de vida de flora e fauna mariña e teñen un papel decisivo no ciclo dos nutrientes, son suavizadores das vagas de calor e axudan a controlar as flutuacións de salinidade, ademais de serviren de nicho para a mellor crianza de varias especies de ameixas e do berberecho, particularmente nas súas etapas xuvenís (figura 3).

Ademais do pisoteo polos bañistas, a limpeza mecánica “excesiva” das praias, buscando os areais impolutos que ansían os urbanitas e o acoso de mariscadores (figura 4) hai outros factores máis difusos que afectan a este tesouro vexetal, como as especies de algas introducidas, a eutrofización ou o aumento de turbidez da auga, xa que precisan da luz para realizaren axeitadamente a súa función clorofílica. Finalmente, a modo de anécdota, quería explicar que parte do futuro e a salvación da *zostera* pasa polo seu uso culinario, tradicional, por exemplo entre os nativos do Golfo de México, que usan as súas sementes coma “arroz do mar”, como recurso alimenticio adicional e que o chef gaditano Angel León a introduciu na carta do seu laureado restaurante Aponiente en Puerto de Santa María, Cádiz, onde promoveu a plantación de varias hectáreas de *zostera* para poder dispoñer dese “arroz do mar” no seu restaurante.



Figura 4. Recollida dos mariscadores e maricadoras de Testal ao subir a marea despois de faenar atravesando unha pradería de *zostera*. Coma para a maioría das especies herbáceas, o pisado ocasional non é un problema mais o pisado continuo e repetido leva a estragos irreversibles, polo que debería conxugarse o uso recreativo e marisqueiro das praias co respecto ao contorno natural desta especie, porque é a súa casa.

## A xerra de Pandora

Henrique Álvarez

“A guerra apañoounos en Villaconejos, a cincuenta quilómetros de Madrid, pola parte de Aranjuez. Estabamos na sega o meu irmán Luís e mais eu. Como moitos outros galegos iamos gañarlle unhas pesetas que na casa cumprían moito. Cando chegaron as noticias de que os militares se levantaran en África, decidimos volver para a casa, pero cando demos chegada a Madrid xa estaban cortadas todas as comunicacións con Galicia”.

“Dixenlle a Luís, eu vou á fronte. Como me pagan, mándoche os cartos e ti non vaias. Polo menos cóntaslle algo alá na casa. E así fixemos ao principio. Despois, el uniuse ao Batallón Deportivo. Chamábanlle así porque alí estaban os xogadores do Real Madrid”.

Entre 25.000 e 30.000 galegos, especialmente das comarcas centrais e orientais do País, acudían anualmente á campaña da seitura en Castela, nos anos trinta do século pasado. Hai constancia de galegos indo para Castela como segadores desde o século XII, e referencias do século XVIII que falan de máis de 60.000. Sobre o trato que alí recibían versa o poema de Rosalía de Castro que comeza “Castellanos de Castilla...”.

“Ovella que morría de enfermidade, metiana en sal para darlla aos galegos”.

O pai levaba indo desde os once anos, cando comezou de atador, gañando algo menos da metade que un segador. Con dezasete, xa levaba tres no posto de obreiro de fouce. Dado que o golpe de estado inicialmente falido tivo lugar en plena sega, parte dos segadores quedaron bloqueados na zona governamental ao caer rapidamente en mans sublevadas a maior parte da Galiza, de Castela e de León.

“Eu enganchei na Brigada 16 con Cipriano Mera de Xefe de División. Era moi amigo de Lister e o Campesino, uns guerrilleiros maravillosos. Entrei de muleiro. Cando repartiron as bestas, a min déronme unha mula branca, grande e ben feita. Foi cousa do capitán. Dixo “Para el mejor mozo, la mejor mula””.

“Ferírama nun xeonllo unha bala perdida e mais pasáramos por baixo dos olivos e caían as ramas dos tiros. Descarguei os capotes e marchei

para abaixo onda o brigada. Foi mirar e mandoume a Morata de Tajuna, onde estaban os veterinarios. Eu con ela, limpábaa e dáballa de comer, e estaba fóra das balas”.

A batalla do Jarama foi unha tentativa dos sublevados de embolsar Madrid e incomunicala co resto da zona baixo control governamental, que bateu coas forzas gobernamentais despregadas para realizar un ataque coordinado sobre as vías de aprovisionamento inimigas. Isto deu nun enfrontamento onde cada bando puxo todo o que tiña a man. A necesidade obrigou ao mando governamental a botar man dunhas Brigadas Internacionais acabadas de constituir e que apenas empezaran o adestramento, para as que o Jarama supuxo o bautismo de lume e un baño de sangue. Sobre aquela experiencia e toda a dor compuxo Alex McDade, do batallón británico, a famosa canción “Jarama Valley”.


“Quedei na veterinaria porque trouxeron un taller de modistas, doce rapazas de Madrid e tres xastres, e quedei alí facendo uniformes, e dalí a transmisións, e dalí á fronte tender liñas ata que un día fun para un observatorio de aviación cunhos cantos soldados de transmisións. Estivemos nun *pueblo* que se chama Yepes”.

O pai experimentou mil outras peripecias durante e despois da guerra, viviu ata os 92 anos, e sempre foi un antibelicista convencido. Cando botaban unha película bélica de gloria edulcorada, raro era que nalgún momento non lanzase un desprezativo “a guerra do pan quente”.



## Útero

Eloy Hervella



Fago o amor.

Estou sobre dela, mirándoa aos ollos abertos, entrando nela.

Aínda que é unha descoñecida, distingo algo familiar nos trazos da súa face. Ao principio imos amodo e sinto o pracer a intervalos longos e intensos. Aos poucos imos máis rápido. Até

que chega un momento en que o ritmo é moi forte. Entón o pracer dilúese por intres.

Teño unha sensación coma se o meu corpo estivese pouco a pouco entrando apertadamente nalgún lugar; semella unha cova suave, cálida e húmida. Chega un momento en que é coma se estivese metido nunha bolsa e completamente rodeado por un líquido adormecedor. Pasa o tempo e, a intervalos, van chegando sons afastados que non podo recoñecer aínda que me resultan familiares. De súpeto compréndoo: regresei ao útero materno!

Esperto, demorándome todo o posible nunha gran sensación de benestar.

## Corrixe a Natureza os seus erros?

Jorge Sacido Romero

O parto foi moi tranquilo, un pouco de máis porque o neno soltou unha queixa case inaudible cando a médica lle deu a labazada protocolaria. Mais, xa no berce, comezou a chorar con desacougo, sen pausa, sen consolo. Sobre a saba branca había dous cachiños de algo estraño a carón de cada orella. A médica estrañouse de que fosen dous tapóns de cerume seco e escuro. ‘Seguro que o líquido amniótico estivo tempo sen entrar nos ouvidos’ –pensou. Nunca vira un caso así. O neno nunca durmiu ben. O diagnóstico de hiperacusia severa tardou pouco. Tiveron que insonorizar a casa e coidar de facer o mínimo ruído posible. A escolarización foi a distancia. Só



se relacionaba cun amigo e medio curmán seu, Manolo, que lle contaba cousas do colexio e lle axudaba coas tarefas e os exames. Taponaba os ouvidos para atenuar os sons, mais sempre sentía molestias. Ningún tratamento resultaba efectivo.

Unha noite de insomnio, o mozo, que agora tiña vinte anos, recordou un episodio extraordinario da súa primeira infancia que seus pais contaran. Un día foran os tres a un recuncho deserto dunha praia no cal só se escoitaba o son do mar e o neno durmiu placidamente todo o día. Decidiu volver a ese lugar cun saco de durmir, algo de comida, auga e o móbil. Levouno Manolo. Ese extremo da praia tiña a forma dunha minipenínsula cun vello caseto de mariñeiros abandonado. ‘Vou quedar aquí’ –díxolle ó seu amigo. ‘Podes marchar. Se pasa algo, escriboche’.

Empurrou a porta e entrou no caseto. O chan de terra estaba afundido no centro formando unha cavidade. De noite deitouse alí e axiña quedou a durmir dentro do saco escoitando o murmurio das ondas do mar.

Espertouno un tremor ó amencer.

O chan afundírase de todo por efecto das augas subterráneas e el estaba completamente enchoupado de lama negra. Logrou saír do buraco e, xa fóra, foi abaneando torpemente cara ó mar. Mergullouse na auga e abriu os ollos. Ó saír quedou de pé co mar pola cintura mirando cara a un monte por onde saía o Sol. Non ouviu nada ata que sentiu cóxegas nas dúas orellas antes taponadas por ese lodo primixenio que agora escorría por elas. Antes de saír voando cara ó horizonte, unha gaivota solitaria a un metro da súa cabeza soltou un berro famélico e estridente que o seu cerebro recibiu como unha bendición.


## Vento frío

Este é o último libro de Manel Monteagudo, cuxa presentación está prevista para o vindeiro 26 de abril ás 20:00 horas na librería Cartabón, da cidade de Vigo.

É un libro que contén 17 relatos, cuxos títulos son os seguintes: “Vento frío”, “Lamentábel accidente”, “A fonda”, “Encrucillados”, “A maior viaxe da miña vida”, “O penedo”, “Vándalos”, “O ángulo”, “Unha colcha de pel humana”, “Asombra”, “Os cinco amigos”, “O contrato”, “Renata a meiga”, “Afundimento”, “O Estraño”, “O vingador” e “A maldición de Eda”.

Todos eles se desenvolven ao longo de 182 páxinas e hai historias simpáticas, curiosas, desacougantes, intrigantes, de misterio e suspense, con finais sorprendentes e desconcertantes.

Ademais, foi escollido por Medulia Editorial para que a represente na Feira do Libro de Bos Aires, que terá lugar dende 25 de abril ata 13 de maio, ambos inclusive.



# Entrevista a...

## Luis Mayo

**Luis Mayo é un veciño de Siavo que acaba de licenciarse en Medicina así como de obter unha moi boa cualificación na proba MIR (Médico Interno Residente). A través dun percorrido pola súa infancia, adolescencia e formación académica, intuimos o futuro deste médico con boa dose de madurez e capacidade.**

### Como recordas a túa infancia?

Crecín no lugar de Siavo, no Freixo. Inicieí a miña andaina educativa na antiga escola infantil da Moa, á cal asistía todos os días, sempre puntual, andando a cabaliño dos ombreiros do meu avó Luis. Del herdei o meu nome, tamén compartido polo finado do meu tío materno. Desta maneira, todos me coñecen polo alcume de “Luisiño o neto de Manola de Lela” e creo que iso sintetiza moi ben a importancia da familia na miña vida. O meu avó é un home de mundo, como cociñeiro asturiano a bordo de buques de pesca percorreu as costas de distintos continentes. Así, entre porto e porto coñecería a miña avoa Manola, filla de labregos outenses, a cal cambiaría a terra polo mar facéndose de profesión mariscadora. Do froito desta unión nacería a miña nai, María del Carmen, tamén mariscadora, seguindo coa tradición familiar ligada ao mar. Ela casaría co meu pai, José, esteirán migrado a Suíza na busca de oportunidades e que voltaría posteriormente para traballar como xardineiro. Dos meus avós paternos, ambos labregos, non gardo recordo, ao falecer ambos antes de eu nacer. Crecín así no seo dunha familia humilde e traballadora xunto con dous irmáns maiores xemelgos, Alfonso e David, deportistas e bos estudantes por igual, constituíron ambos exemplo e modelo a seguir en todos os aspectos. Os dous deduzo que seguiron a máxima familiar de que os sonhos se traballan e de que o esforzo ten os seus resultados, chegando a especializarse nas enerxías renovables e o frío industrial. Así, neste rico fogar foise forxando a miña personalidade, reforzada pola educación procedente do ensino público, rico tamén, variado e de calidade.

### E da escola infantil ao colexio.

Pasaría así a estudar a educación primaria á xa clausurada escola do Cruceiro de Roo, cambiando o cabaliño do avó polo autobús escolar. No centro, entre murais do Guernica e curiosidades do Exipto crecería o meu interese pola historia, soñando con ser nun futuro arqueólogo e historiador. Máis tarde, xa no instituto Poeta Añón na Serra de Outes, aparecería outro dos meus maiores intereses, a bioloxía. Amosaríase así ante min a necesidade de tomar decisións para orientar o meu futuro cara ás humanidades ou ao ámbito científico e biolóxico antes de iniciar o bacharelato no instituto Campo de San Alberto de Noia. Elixiría deste xeito o camiño que me levaría ao lugar ao que cheguei hoxe en día, crecendo o meu interese pola anatomía e a preocupación por ser útil para a sociedade e así axudar aos demais.

### Pódese dicir que os primeiros “síntomas” vocacionais xorden no instituto.

Dende sempre presentei especial sensibilidade coas persoas desfavorecidas e co sufrimento que a enfermidade pode provocar nos demais, forxándose a miña vocación no ámbito da saúde pouco a pouco, sendo consciente dela cara a finais do bacharelato, dubidando entre elixir o grao en Enfermaría ou Medicina ao realizar a selectividade. Así, entre eleccións importantes que condicionarían o meu futuro profesional, escollín a medicina como a porta de acceso ao ámbito universitario, seleccionando Santiago de Compostela como lugar de facultade e residencia.

### Como foi a experiencia en Compostela? Participaches de Erasmus?

Durante os seis anos que durou a carreira tiveren a oportunidade de desfrutar do ocio e cultura que a cidade ofrece, así como longas xornadas de estudo, tal e como esta esixente especialidade asegura. Pasaría así o tempo ata que decidiría realizar un Erasmus en Breslavia, Polonia, no que sería o meu cuarto curso. Era unha oportunidade estupenda para aprender máis vocabulario médico en inglés, ver como funcionaban outros sistemas sanitarios e romper a casca de ovo e ver mundo. Aproveitaría ese ano para coñecer os distintos servizos médicos do Hospital Clínico Universitario de Borowska, así como todas as clínicas asociadas a el espalladas pola cidade de Breslavia. Ao longo desta experiencia tería a oportunidade de entrar en contacto con estudantes de distintos países e de coñecer a cultura e forma de vida doutros cidadáns europeos e asiáticos. Durante este ano viaxariamos por distintos países, coas nosas mochilas equipadas co esencial e unha organización de baixo custo, tería a posibilidade de visitar Polonia, Suecia, República Checa, Austria, Eslovenia, Eslovaquia, Croacia, Grecia, Lituania e Hungría. No medio de tanta viaxe había tamén tempo para o esencial, a formación, entrando nun sistema universitario moito máis práctico con salas de aprendizaxe equipadas con simuladores e maquetas e un ambiente hospitalario cun contacto máis estreito con quirófanos, consultas e pacientes. Suporía en conxunto unha experiencia inesquecible con vivencias e ensinanzas que moldearían a miña forma de ver as cousas, máis reducida até o momento.





### E os últimos anos de carreira?

Posteriormente voltaría a Santiago de Compostela para rematar os dous últimos anos de carreira cunha presenza de prácticas no Hospital Clínico Universitario, Gil Casares e Hospital Provincial de Conxo moi superior aos anos anteriores. Durante esta última etapa tería a posibilidade de entrar en contacto coa atención primaria da man do Dr. José María Dios, no quinto ano, no centro de saúde de Outes e da man da Dra. Charo Vázquez, no sexto ano, no centro de saúde Concepción Arenal.

### Como foi a experiencia destas prácticas, sobre todo a feita na túa vila?

Grazas a eles tería a oportunidade de coñecer a importancia do médico de familia como figura esencial e porta de entrada no sistema sanitario, vertebrando así a atención primaria o devandito sistema, posibilitando o seu correcto funcionamento a pesar dos grandes retos e dificultades ás que estaban sometidos os profesionais. Sería coa axuda do Dr. Dios con quen decidiría iniciarme na investigación adicando o Traballo de Fin de Grao ao radon, un importante problema de saúde pública no concello ao que o Dr. Dios adicaría varios anos da súa vida, ao seu estudo e á concienciación da veciñanza. Desta forma, titularíamos o proxecto “Coñecemento da poboación dos efectos provocados polo exceso do gas radon. Perspectiva preventiva en atención primaria”, ampliando o rango de estudo do concello á poboación da provincia da Coruña. Con esta investigación e co seu apoio incondicional presentaríamos unha comunicación no XXXIII Congreso Anual Internacional de Xerontoloxía e Xeriatría organizado en Vigo no 2023. Posteriormente, tería a oportunidade de expor en abril deste ano o

proxecto ao público xeral nas XVIII Xornadas Socio-sanitarias de Outes, transmitindo a importancia e preocupación da problemática do gas radon á veciñanza do concello.

### E como se che presenta o futuro?

Actualmente, despois de alistarme ao exame MIR no que médicos de todo o país nos presentamos para posteriormente poder elixir especialidade, ábrese ante min unha nova etapa formativa coñecida como “residencia” como médico interno da especialidade que elixa. Así, unha nova encrucillada de camiños presentouse ante min: por unha banda a medicina hospitalaria, con especialidades como cardioloxía, neuroloxía e medicina interna, que sempre causarían en min un especial interese ou, por outro lado, a medicina de atención primaria encarnada no médico de familia e o pediatra de primaria, cos cales establecería un contacto especial na última etapa universitaria. Esta escolla sería decisiva representando ela a especialidade na que desempeñaría o meu futuro profesional.

### E despois de madurar e repensar, a decisión está tomada?

Finalmente escollería como cidade de destino Santiago de Compostela, a mesma que me acolleu durante anos, moi próxima a Outes, á casa e á familia e amigos. A encrucillada de camiños desviaríaa cara ao ámbito hospitalario, pero co recordo e aprendizaxe de que todas as especialidades médicas son esenciais, da necesaria colaboración fluída entre profesionais para acadar unha atención asistencial de calidade atendendo ás necesidades dos pacientes de forma real e integral.

### Podes facernos unha reflexión sobre a importancia de manter en bo estado os sistemas públicos en xeral e o de saúde en particular?

Como médico e cidadán creo no sistema público como a forma de asistencia médica máis eficiente e xusta, priorizando a necesidade asistencial en función da patoloxía do paciente independentemente dos recursos económicos deste. Como antigo alumno do ensino público defendo a súa educación de calidade ao acceso de todos. Tras este curto, pero intenso camiño pola educación e sanidade pública, son máis consciente dos retos aos que están sometidos ambos os sistemas, con recortes, precarización dos profesionais, malas condicións de traballo e un trato decrecente de cara aos usuarios por mor dunha mala xestión administrativa. Porén, son tamén consciente do valor do estado de benestar e o sistema público na mellora da calidade de vida das persoas. Como profesional nacido do sistema por partida dobre tentarei estar á altura das circunstancias pondo o meu gran de area coa miña actividade asistencial. Xa só me queda agradecer o apoio incondicional vertido por parte da miña familia, a cal permitiu que os soños se fixesen realidade e que o que parecía inalcanzable se materializase ante min. Grazas tamén a amigos, veciños e todos os profesionais que colaboraron coa miña formación, adicando tempo e esforzo.

# Refuxiados

Manel Monteagudo

Chámome Kalila e vivo nas aforas de Damasco, máis ben vivía. Todo empezou hai uns dous anos.

Era un luns calquera, amenceu o día dun gris tan intenso que case daba medo saír á rúa. O meu irmán pequeno estaba xogando nun relanzo próximo á casa, o meu pai estaba muxindo as vacas e miña nai preparando a comida; era a rutina diaria, que marabillosa rutina! Eu daquela tiña dez anos, polo que non facía gran cousa. Atopábame xogando coa miña veciña Yassira. En fin, que era unha mañá tranquila, até que uns espantosos berros romperon esa paz. Era miña nai, que nos chamaba moi alterada. Díxonos que avisásemos a papá e que entrásemos na casa e, polo seu ton, debía ter un motivo moi serio, porque miña nai nunca berraba, así que me despedín de Yassira e volvemos á casa, sen saber que era a última vez que percorría ese traxecto. Unha vez dentro, pecharon todas as portas e fiestras e colocaron robustos cachos de madeira sobre estas. De súpeto, unha intensa luz alumeou gran parte do salón e a figura de Yasmine Fahry (famosa reporteira siria) apareceu enfronte de nosoutros, na televisión que tantos bos intres nos facía pasar a meu irmán e a min. Parecía moi alterada e comezou a dicir palabras que eu non comprendía e que o meu pai se esforzou en explicarme con voz tremente. El contoume que había persoas moi malas arredor de nosoutros e que nos querían facer dano; eu, sen preguntar máis, cerrei os ollos e quedei atrapada nun profundo soño. Ao espertar, a televisión xa non estaba acendida e o meu pai desaparecera. Erguinme e vin a miña nai ollando moi nerviosa pola fiestra co meu irmán nos brazos, que, naquela época, tiña case tres anos. Preguntei onde estaba papá e díxome que fora encerrar as vacas; e así era. De súpeto, un gran silencio duns dez minutos apoderouse de nosoutros e un forte son rompeuno. Ese son quedará permanentemente gravado na miña cabeza e na do meu irmán, porque o que veu despois foi algo que ninguén neste mundo pode imaxinar, agás os que vivimos esta situación que vos vou relatar.

A casa empezou a tremer e as columnas de madeira que suxeitaban o tellado caeron encol de nosoutros, os prantos do meu irmán eran cada vez máis fortes, ao igual que os meus. No exterior da casa varios gritos en árabe aterrorizaban os meus veciños, miña nai dicíame que me agachase, pero un obxecto contundente, que probablemente fose unha rocha, golpeou a miña cabeza e caín ao chan. Ao espertar, erguinme e cun pouco de sorte conseguín saír de entre os cascallos e, cando me puxen de pé, o terror paralizoume durante un tempo que non podería determinar, non sei se foron minutos ou horas, non o sei. Había un gran número de rochas e cascallos por todas as partes, empecei a berrar chamando os meus pais, pero eles non contestaban, así que comecei a buscalos e por desgraza atopeinos, pero non se movían, nin respondían a miña chamada, só había sangue, moito sangue. A miña nai estaba tendida no chan co meu irmán entre os brazos, que choraba sen cesar, pero decidín que me ocuparía del cando

atopase o meu pai, o cal non tardou en suceder. Ao igual que miña nai, o meu pai estaba tendido no chan e sangrando pola cabeza. Eu non sabía o que era a morte até ese día en que os meus pais non me respondían. Despois disto, a angustia apoderouse de min, collín a meu irmán nos brazos e saímos do interior daquel inferno ou polo menos do que quedaba del. Cando saímos ao exterior, puidemos observar outro inferno, pero este meirande, xa que había un montón de xente malferida e outra que como os meus pais morrera. Entre elas estaba a miña veciña e grande amiga Yassira, coa que horas antes compartía xogos e risas. Nese intre non sabía que facer. Eu, unha nena de dez anos e Jamal, o meu irmán de case tres anos, estabamos completamente sós diante dun mundo de terror descoñecido para nosoutros.

Empecei a pedir axuda, pero ninguén me facía caso, a xente ía buscando os seus familiares desesperadamente; porén, ao lonxe puiden observar como un camión todoterreo se aproximaba cara a nosoutros. Non sabía se agochamos ou ir cara a el; algo me dicía no meu interior que era a única opción de saír dese inferno.

Ese gran vehículo levaba unha cruz vermella na súa parte lateral, polo que souben que era un bo sinal, porque miña nai gardaba as menciñas que curaban todo nun armario cunha cruz igual que esa e iso tranquilizoume un pouco. Sentei no chan e agardei chorando, chorando de rabia e de medo.

Cando chegou o coche, mellor dito ao aproximarse a min, vin que era un camión, baixaron del como unhas vinte e cinco persoas que, polas súas faccións, parecían todas elas europeas. Unha vez o meu pai ensinounos unhas fotos duns amigos europeos, que nunca coñecemos, e as súas faccións eran similares.

Pasaron diante nosa e unha moza, que despois souben que era italiana, de cabelos dourados e ollos marróns, achegouse e preguntounos que pasara. Eu conteille con voz tremente e chorando sen cesar o sucedido e, tamén, que os nosos pais morreran. Ao escoitar estas palabras enchéronse os ollos de bágoas e díxonos que a acompañásemos. Souben ao ver eses ollos que esa moza comprendía, aínda que só fose un pouco, a miña dor. Subiunos no gran camión e levounos xunto a un grupo de xente que estaba nas mesmas condicións que nosoutros, sans e salvos, pero, o máis triste e o máis duro, sen casa e sen familia. Nunca máis souben dela, pero foi un regalo do ceo en forma de ser compasivo e humano. Naquel novo grupo, do cal xa formabamos parte, atopábase un señor maior, unha muller que me lembrou a miña nai polas súas mans e as súas engurras, que se chamaba Emira, segundo puiden escoitar, un mozo estudante, unha moza embarazada e unha nena que tamén me lembraba a Yassira (había unhas corenta e cinco persoas máis, pero non consigo lembrar todas). O meu irmán e eu sentamos xunto ao señor maior, quizais buscando un pouco de protección e el, sen dicir nada, ofreceunos un pouco de auga, que aceptamos e, por cortesía e educación, démoslle as grazas, tal como miña nai sempre nos dicía.

Alí de novo volví sentir esa inmensa soidade que só quen perdeu un ser querido comprende. Contounos que perdera á súa muller, os seus dous fillos e os seus tres netos esa mañá e nosoutros contámoslle a nosa historia, que non era nin máis nin menos que a de todos os que alí nos atopabamos, e el ofreceuse a coidar de nosoutros, quizais buscando suplir en certo modo o que acababa de perder. Miña nai sempre nos dicía que non falásemos con descoñecidos, pero este home parecía de ollos sinceros e estaba pasando polo mesmo ca nosoutros. Entre min mesma díxenlle a miña nai que non podía seguir sen axuda e que sentía moito se non facía o que ela me aprendeu.

Cando xa levabamos unhas cantas horas neste sitio, que agora recoñezo que era un campo improvisado de refuxiados, achegáronos un home en perfectas condicións e ben vestido e preguntounos se queríamos saír do país; todo o grupo respondeu que si, todos menos eu. Non podía saber daquela que era a única opción, tiña medo, pánico, no entanto non tiñamos ninguén máis de familia no país, xa que o resto emigrara hai anos, e creo que foi a Europa. Dubidei, pero deixei levar polos consellos do señor maior (co tempo souben o seu nome, Hakim).

Ao home ben vestido, o que eu sempre chamei pincel, iluminóuselle o rostro, díxonos que teríamos que pagar vinte e cinco euros por persoa, e díxenlle que non contarán co meu irmán nin comigo porque non tiñamos diñeiro. Hakim dixo que pagaría por nosoutros, pero eu insistía en non querer saír do país e el contestoume que era o mellor e repetiu as mesmas palabras que o meu pai nos dixo. Hai xente moi mala arredor nosa e que nos quere facer dano; o que nunca me explicaron, nin o meu pai nin Hakim, é por que.

Pasaron os días, tiñamos comida e bebida que alguén se encargaba de repartir a diario, mentres decidían que facer con nosoutros para situarnos en varios campos máis de refuxiados. O señor pincel fixéranos prometer que non comunicásemos aos encargados do campo a nosa decisión, e chegou o momento no que nos meteron nun, ás cincuenta persoas; á miña idade todo era descoñecido e simplemente decidín seguir o resto, empezara a crer que a miña vida carecía de valor e todo me daba igual, todo agás o meu irmán, que era a miña responsabilidade. Esa noite sen facer ruído Hakim espertoume e díxome que o seguise; collín o meu irmán tapándoo coa manta que nos deixaran alí e fun tras el; cando chegamos ao lugar en que estaba previsto que se atopasen, quedei moi abraida coa cantidade de xente que alí se xuntara, todos querían fuxir do campo onde nos tiñan acubillados, fomos até a praia, que era onde os encargados tiñan as canoas, e tras empurralas até a auga subimos nelas, penetramos cara ao mar aberto na escura noite. Comezou a ir frío e non sabíamos que facer. Todo ulía mal e tiven o presentimento de que era o final. Ao lonxe albiscamos un gran barco que parecía como os que ollabamos nas películas de Disney e todos empezamos a remar cara a el, até que o alcanzamos. O capitán do barco saíu e, por un intre, pensamos que ía seguir rumbo ao seu destino, ignorándonos, pero, ao contrario, preguntounos como nos atopabamos e, case ao unísono, pedimos a gritos a súa axuda. Daquela, díxonos que agardásemos e, uns minutos despois, botounos unha corda. Empezamos a subir e, unha vez dentro, déronnos comida, roupa seca e un lugar quente

para durmir. Aínda que eran as adegas do barco, creo que a todos nos parecían un palacio. Despois de comer o que nos deron, tiven ganas de ir ao servizo, así que deixei o meu irmán con Hakim e fun na procura do baño. Cando o atopei, saíu del unha nena da miña idade, de cabelo moreno e ollos azuis, que xaora debía viaxar no barco, polo seu aspecto limpo e elegante. Non sei se por mágoa ou por que, pero saudoume e preguntoume o meu nome. Respondílle Kalila e, estirando a man a modo de saúdo como os adultos, chocámoslas; logo, díxome que se chamaba Briseida. Empezamos a falar e, aínda que o facíamos en inglés, entendémonos moi ben, xa que non era o idioma nativo de ningunha de nosoutros, e, sen decatarme, semellaba que estaba falando cunha amiga de toda a vida; creo que isto o chaman “conectar”. Conteille todo o que pasara entre prantos e saloucos e ela limitouse a chorar comigo e a abrazarme. De súpeto, dixo que tiña unha idea, que o seu pai era un importante mariño e que se lle escribiamos unha carta ao presidente de Grecia ao mellor podían facer algo.

E así o fixemos, conseguiu papel e lapis e escribímoslle unha carta en que Briseida dicía que era filla de Fravian Nikolopoulos, un importante capitán navieiro, e tamén dicía que se atoparan cun barco de refuxiados no mar Mediterráneo e que por favor que non nos enviasen de volta a Siria, porque están nunha situación moi crítica. Contou a miña historia e a de Hakim e prometeume que cando chegase a Grecia enviaría a carta urxente.

A continuación despedínme de Briseida e volví cos demais. Volví cunha sensación diferente. A miña vida empezaba de novo a valer algo para alguén. Ao chegar, observei a Hakim falando cunha muller maior, probablemente da súa idade, e co meu irmán nos brazos; achegueime a eles. Aínda que non cheguei a tempo de ouvir do que falaban.

Pregunteille quen era esa muller e el respondeume que unha señora que se chamaba Jennifer. Era americana, pero que vivía en Grecia e baixara ás adegas para axudar co repartimento da comida.



Foto: John Stanmeyer

Ao día seguinte, chegamos a Grecia e tiñamos que rexistrarnos como refuxiados; o meu irmán e mais eu rexistrámonos como os netos de Hakim, xa que necesitabamos un adulto para facer tal cometido. Tiñamos que permanecer á espera de ver se nos repatriaban. Confiaba en que Briseida enviase a carta e nos aceptasen no país.

Pasaron os días e Hakim reencontrouse con Emira. Máis que un reencontro foi unha procura dela cara a nosoutros. Traía unha carta certificada na cal, grazas á carta dunha nena, se nos autorizaba a permanecer no país. Aceptounos na súa casa e así foi como co paso do tempo nos convertemos nunha gran familia: Emira e Hakim eran como nosos avós, eses que nunca coñecemos na vida anterior e que as circunstancias fixeron que os nosos camiños se cruzasen. Viviamos nunha casa á beira do mar Mediterráneo. Hakim atopou traballo e o meu irmán e mais eu puidemos asistir á escola.

Que agora teña unha familia non significa que me esquecese da anterior. Os meus pais son os que me deron a vida e con eles debería seguir, pero unha maldita guerra encargouse de que non fose así.

Antes de despedirme gustárame dicir que nosoutros puidemos sobrevivir grazas á axuda de Briseida, ao seu pai

e a toda a tripulación daquel cruceiro. Pero eles só axudaron a unha pequena parte de Siria. Eu non perdo a confianza en que, se hai xente tan bondadosa como eles, poidamos acabar co sufrimento en Siria e no resto do mundo. Se toda a xente boa que hai se unise, conseguiríamos parar o terror polo que tivemos que pasar o meu irmán e mais eu.

Ben, aquí acaba a miña historia e lembre: que non pase aquí non significa que non estea pasando. Non miredes cara a outro lado.



Foto: John Stanmeyer

## Máis vale tarde... e quentiño!!

M.V. Luhia-Especht

A primeiros de marzal, ocorréusenos un cocido tardío debido a circunstancias alleas á gana de comer, propia da nosa idiosincrasia. Certos asuntos fixeron que se demorase o encontro máis típico dos carnavais... pero máis vale tarde que nunca!!... din por aí. Nesta convocatoria escollemos o restaurante Sabugueira, sito na zona do aeroporto, cerquiña do CTA de Correos, na Lavacolla. Unha chuva xélida acompañounos durante case toda a xornada. En fin, en data e hora quedamos alí a cuadrilla diseminada de compañeiros de Correos Bertamiráns, aínda que incorporamos algúns de distintas zonas. Todos máis que coñecidos.

Estas xuntanzas na súa orixe reverten unha nostalgia romántica, da que moitos dos que asisten nin oíron falar, nin estaban. Dos cocidos en casas da aldea, que xa hoxe non existen, tabernas da Galicia auténtica e caseira, do Barrantes e fociño de porco da casa. De granxa nada!!...

Darían para uns bos capítulos de gastronomía autóctona.

Para a ocasión xuntámonos un bo número de comensais encabezados polos organizadores, Xulia e Xosé Antonio, da oficina de Bertamiráns, Alberte (que desta apareceu), Juan e Isabel, Pablo, as dúas Maite, Eva e Sonia, compañeiros da oficina de referencia. Tamén se sumaron Xosé Antonio e Toni, de Carnota, xunto Marta, Flor, Manoli, Roberto e Mosquera, adictos todos a este tipo de manifestacións culinarias. O debuxar do día facíanos estar máis achegados, as temperaturas frescas, mais o sorrir da luz espallaba unha cor amistosa e agradábel. A paisaxe humana é o noso. As emocións xorden de súpeto sen permiso, de forma arbitraria, desembarcando nas consciencias, como unha onda de mar sinxela que nos devolve á orixe, a esa ribeira romántica, retórica... chea de brétemas, angustias primitivas, que non levan a nada... mais si a un mesmo...

Tras a comida, decidimos plantar unha pica en Flandres, no pub Momo, dos poucos lugares onde acoller unha cuadrilla de dez persoas, todas xuntas. Despois dunhas partidas de dardos e fútbolín, demos un cambio para a zona vella, mais co problema da cabida acabamos tomando a penúltima no 25 Julio, preto da O.P., e coa mesma despedímonos ata vernos, xa máis abrigadiños porque o frío ía en aumento. Polo demais, coma sempre, que Deus nos manteña a gana de vernos, e con material gastronómico, moito mellor...

Unha vez máis, apertas para todos e un pracer sempre!!





## Grupo de Teatro da A.C.C. Terra de Outes

Carlos Outeiral “Langas”

En xaneiro de 2023, dúas persoas, Carmen Martelo, de Matasueiro, e Carlos Outeiral, de Cando, socias de Terra de Outes e participantes como actriz e actor do grupo de teatro O Xeito de Esteiro, propuxeron, na asemblea xeral dese mes, a creación dun grupo de teatro dentro da nosa asociación.

Despois da boa acollida, botaron a andar e xuntaron un bo número de persoas para o grupo, maioritariamente do concello. Comezou desta maneira o grupo de teatro da A.C.C. Terra de Outes.

E comezou deseguido a ensaiar *Comedia Bífida*, de Núñez Singala, dunha maneira consciente, ao veren o panorama de declive continuo da nosa lingua, onde non só se perden falantes, mais tamén calidade da lingua, que conducirá a un final de desaparición, se continuar este camiño.

Despois de oito meses de ensaios e coa xente do grupo pronta, tras pasaren por un tempo de perda de medos, contacto coas táboas, comprensión das personaxes, texto, interpretación, interactuación... debutan o 3 de febreiro deste ano 2024 na Casa da Cultura da Serra, aínda que antes xa fixeran unha pequena toma de contacto co público representando unha versión reducida da obra para o IES Poeta Añón.

Ese foi un día grande para as e os compoñentes do grupo e para todos e todas nós. Deixábanse atrás todos os nervios e tamén anos e anos de baleiro de teatro no concello... e encheuse o teatro e mesmo se pediu un bis nun futuro.

Foi un grande comezo e un fito para o noso concello, e orgullámonos de que fose desde a nosa A.C.C. Terra de Outes. Cómpre sinalar xa os artífices directos neste primeiro paso,

que cremos e aseguramos, sen medo a errar, que vai ser o primeiro de moitos:

Ana Díaz, Andrea Creo, Carlos Outeiral “Langas”, Clara Seymour, Esperanza Caamaño “Pancha”, Eva Priegue, José Manuel Orodea, Juan Martínez, Manuel Louro “Choli”, M.<sup>a</sup> Carmen Priegue “Mare”, M.<sup>a</sup> José Tomé, Montse Lamas, Elvira Fernández “Viri”; e o equipo técnico que tanto axudou: Ramón Mayo “Hassan”, Rodrigo Molinos “Bolato” e Fidel Núñez.

De resultados dese debut e ese camiño aberto, xa representaron en Lاراño -Compostela- e teñen confirmadas datas próximas en Esteiro e Muros -dentro da semana de teatro Xosé Agreló- e outras varias aínda por pecharen.

Que sexa por moito tempo! E como dicía o outro: “O teatro non pode desaparecer porque é a única arte onde a humanidade se enfrenta a si mesma”. Viva o teatro!



## Lawfare ou non lawfare

Gundar Rial

Cómpre facer en primeiro lugar un discernimento e unha clarificación do que se entende ou entendemos por *lawfare* e ó que acotío se lle chama ou chamamos *lawfare*.

Se utilizando o termo *lawfare* estamos a referirnos a que o conxunto da xudicatura está actuando con intencionalidade política contra determinados partidos, estaríamos, na miña modesta opinión, incorrendo nunha flagrante exaxeración.

Porén, tamén é evidente que determinadas formacións políticas se viron sometidas durante os últimos anos a investigacións xudiciais que se dilataron máis do debido e que remataron sendo un *bluff*, unha falsa aparencia, unha verdadeira entelequia; sen lugar a dúbidas, constitúen actuacións preocupantes, ademais de significativas e perigosas. Isto sucedeu con Podemos, con máis de vinte querelas salientadas con especial énfase pola dereita mediática, que se mantiveron vivas con saña e crueldade durante moito tempo e sen posibilidades de resarcir-los danos, prexuízos ou agravios sufridos.

Hai outros casos como a “Operación Cataluña”, a instrución da causa dos ERE pola xuíza Alaya, a sentenza condenatoria contra o deputado canario, Alberto Rodríguez, sobre a cal o maxistrado emérito do Tribunal Supremo, José Antonio Martín Pallín, escribiu o 4-1-2022 (CTXT n.º 280): “(...) Una vez más somos una extraña galaxia en el

mundo del parlamentarismo y de la cultura democrática. En esta lamentable perversión de las instituciones que vertebran el Estado de Derecho están involucrados, de momento, la presidenta del Congreso de los Diputados (naquel entón, Meritxell Batet), el Tribunal Supremo y la Junta Electoral Central. Espero que el Tribunal Constitucional restituya el orden jurídico institucional a los cauces de donde nunca debió salir”, e outros que se podían citar que deberían facerlles recapacitar ós propios xuíces sobre todo, ós políticos de determinada ideoloxía indubidablemente e ó conxunto da sociedade por suposto. Un país que se di serio e democrático, que non só pretende selo, debería estar profundamente preocupado por estes acontecementos de tan marcado cariz antidemocrático.

Claro que non só está ben que se investigue, tamén hai unha imperiosa e urxente necesidade de que se faga e ben no lugar idóneo, o Congreso dos Deputados, lugar onde ten a súa residencia a soberanía popular. Os xuíces, por sorte, xa non son deuses anónimos. Se ata Feijóo foi quen de acusa-lo Tribunal Constitucional de *lawfare* sen ser, quizabes, consciente do que estaba a dicir, como lle adoita suceder habitualmente, e sen utiliza-lo anglicismo. Algo evidente e en certo modo razoable, porque non sabe falar inglés e xa non controla ese tribunal.

## “AS RECEITAS DE TÍA JU “

### GUIISO DE POLBO CON PATACAS

#### Ingredientes:

- 2 kg de polbo
- un dente de allo
- un tomate
- unha cebola
- un pemento
- aceite de oliva
- sal
- patacas

#### Elaboración:

De primeiras cocerémo-lo polbo da forma tradicional. Nunha pota con auga e unha cebola enteira, cando ferva darémoslle os tres golpes de auga ó polbo lavado e limpo. Deseguido cando volva ferver, deixarémolo uns 15 minutos. Apagarémo-lo lume e quedará en repouso na auga outros 20 minutos máis. Pasado este tempo deixarémolo a escorrer.

Por outra banda, nunha tixola, cun par de chopos de aceite, farémoslle un rustrido picando finamente outra cebola, uns dentes de allo e o pemento. E por último, cando xa estea rustrido todo sumámoslle o tomate, cunhas areíñas de sal. A resultante verterase na pota onde imos cociñar o prato, cuns dedos de auga fervida.

Mondaremos as patacas, máis ou menos todas dun mesmo tamaño, que engadiremos á salsa do rustrido. Cando xa estean case no seu punto engadímolle o polbo torado en anacos bos e rectificaremos de sal, vertendo un xeneroso vaso de aceite de oliva e mesturando todo ben. Sen máis, a desfrutar.



Julia Seijo

## UN ELEFANTE NA SALA DE ESTAR

Berta Dávila  
Edicións Xerais, 2022  
144 páxinas

Rocío Otero

“Nunca aparcamos o coche no alpendre de fóra. Reservamos o lugar para cousas máis felices que non aconteceron. Agora paréceme moi absurda toda esa cuestión de facer plans para o futuro, de confiar en que algo mellor haberá de chegar e en que aquilo que agarda por ti é sempre máis importante ou máis bonito que o que xa tes. Paréceme moi absurdo que algunha vez chegásemos a imaxinar o alpendre de fóra como un lugar para que Rosa pintase”.

Rosa morreu por suicidio. Todo o que engloba esta morte é un misterio. Varias persoas do seu contorno irannos narrando cada capítulo e explicando o seu punto de vista e como afrontan cada un deles a morte por suicidio dun familiar moi achegado. Grazas a estas narracións poderemos imaxinar a razón pola cal a protagonista chegou a ese punto, pero é algo que nunca saberemos con seguridade, nin tampouco se soamente houbo unha única razón. Destaco sobre todo as narracións da súa filla, nas súas visitas á psicóloga; as do seu home, cando conta que o baleiro que deixa unha persoa vai máis alá; e as da súa amiga, que sabe cousas que ninguén máis sabe de Rosa.

Non me estraña que a autora gañase o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2021 grazas a este libro. É demasiado bo, incluso para adultos. É certo que pode que estea enfocado, pola forma da narración, a un público máis xuvenil pero prométovos que non deixaredes de aprender léndoo.

Hai un elefante na sala de estar pero ninguén fala del nin lle dá a menor importancia, mais por que, se todos o estamos vendo?



## Sempre

Xastre

Nesta invernia que nos atrapa na súa propia paisaxe, xélida, mollada e doente, mais consciente do seu potencial emocional na xente, poñendo en valor a propia existencia, é a nosa historia tamén... Rezuma lealdade, mais a propia historia doe, séntese nos adentros.

O concepto fainos harmonizar os ciclos vitais nos que nos revolvemos, as cores cambian, as verdades ás veces rómpense entre dúbidas, mais sempre chegando a un fermoso lecer do espírito e sentires alleos, espallados da nosa terra. Que dicir!...

Como controlar ese concepto sutil, mais ás veces tan dificultoso de explicar, comprender e vivir... De seguro o tempo alentará o porvir, as paisaxes pechadas á luz, e os horizontes sen esperanzas, ou máis ben xustas... decrépitos... alumeantes.

Onde van os ceos neboentos, as augas cristalinas e frescas, mais sempre nosas, iso non cambia os pareceres, as perspectivas dos nosos labregos, mariñeiros, da nosa xente.

Deixaremos de lado tantos elementos fuxitivos, fundidos na propia paisaxe e respiración áurea romántica, tan errante, eufórica e cambiante que tanto nos adorna, xunto cunha esperanza auxiliadora, sempre, sempre!



## Actitude... Aptitude

Un pensa que por un momento as formas, actitudes, e mais as aptitudes son algo dubidosas, que algo cambiará nun futuro próximo, e a realidade acaba por espertarnos desa pulsión negativa, atordante por momentos, deixándonos moi clariño que as parvadas seguirán xurdindo dos mesmos, que non se aprende nada; batemos na mesma pedra toda unha vida e morreremos sentindo a súa dureza nos fociños ata o último respirar... Haiche moito cazurro solto, alumeando escudo no ombreiro, mais respecto pouco cara a el, só é un labor, pois hai xentiña que entra a traballar tarde e xa coa mesma xa ten gana de marchar para a casa, cunha falta de compromiso abismal á hora de desenvolver o seu traballo, neste caso demandante da sociedade, público, para entendérmonos, que como dicimos non teñen nin a mínima consideración con eles mesmos... Desexantes da xubilación, profesionais de *escobilla*, algún leva toda a súa vida laboral chegando tarde ao traballo... mais vergonza nula... Habían de estar na privada... Haha. Dous días... Haha.

Nin que falar das actitudes, mais as aptitudes supóñenselle!, dalgún que outro dirixente en *comandita*, en momentos calados, que non se cortan un pelo en afirmar que para catro anos que vou chupar do teto... En fin... Haha, a desfrutar da vida que son dous día. Exemplos de nada!

Por outra banda, ver o coche novo doado pola deputación ao concello, e que non teñan onde metelo, nestes días e noites de chuvia e frío, á intemperie tódolos días... Non haberá un galpón onde telo á seca... Denota unha falta de actitude e aptitude!!

Lusco e Fusco

### ASÍ SI ...



A favor da cultura sempre, mais os pasos peonís pintadiños, ehh!!

### ASÍ NON ...



E volven sobre o mesmo... Reincidentes sen sabelo?

### ASÍ TAMPOUCO ...



No paseo entre O Requeixiño e O Freixo.

**ESTEFANÍA FORNÍS**

Salón de masajes

Telf. 690 643 431

Río de Outes, 7  
15230, Serra de Outes - A Coruña



Salón de masajes Estefanía Fornís

## As cruces, oración de pedra (II)

Ramón Blanco



Foto 4.



Foto 5.

No 2023 o cruceiro volve estar de actualidade. O 21 de abril a A.V. Feira dos Carros compartía no seu muro de Facebook unha imaxe do que ficaba en pé, e, ao tempo que se comunicaba a inminente restauración, advertíase que non ía ser factíbel recompoñer os numerosos anacos, que o Concello de Outes estimara encargar unha cruz nova. O 6 de xullo anúnciase noutra publicación de Facebook que o canteiro leva o traballo moi adiantado, que logo poderá visitarse a obra repostada (repúblicase a fotografía de abril), e dáse publicidade doutras marabillas que poderían apreciarse nun percorrido a pé polo contorno. Dito e feito, vinte días despois, unha nova entrada no muro da A.V. Feira dos Carros dá a boa nova: foi completado o cruceiro coa réplica tallada polo mestre canteiro Miguel Anxo, de Leiro, Ribadumia (pode consultarse a súa páxina web: <https://www.artesaniaenpedra.es>); na foto vese a cruz e o guindastre co que acaban de erixila (Foto 4).

Certamente a obra do canteiro é meritoria, aínda que o brillo da pedra nova, tan branca, non permite esquecer que non é a cruz auténtica (Foto 5). Coa desfeita da Ponte Nafonso tan presente na sensibilidade veciñal, non estraña que houberse críticas a este proceder na restauración. Querendo saber por que non se puidera aproveitar a peza orixinal, se estaba tan desfeita que non valesa para colar, ou se desaparecera, procurei máis información na A. V. Feira dos Carros. O seu presidente explicoume que nun obradoiro de pedra da zona fixeran un primeiro diagnóstico desfavorábel ante a posibilidade da recomposición, ao faltaren bastantes fragmentos.

De por parte, o orzamento era elevado e desde o Concello, encargado do financiamento, descartouse esta opción. Foi entón cando a asociación veciñal demandou que, no seu defecto, se tallase unha nova cruz. O propio presidente contactou co canteiro en cuestión. No proceso de documentación, para conseguir a maior fidelidade posíbel na réplica, descubriron que xa se puidera pegar un bo cacho completo, o da imaxe da Virxe, que actualmente se expón no Centro Social de Cando (Foto 6). Contactei tamén co Concello de Outes, para contrastar a información, que me corroborou o propio alcalde. Unha terceira vía, supoño que non explorada, podía ser o emprego dunha pedra máis acorde co granito de Cando, coma o que se extraía do lindeiro monte de San Xoán.

En calquera caso, quedamos coas palabras do presidente da A. V. Feira dos Carros: “Mellor novo que nada”. Considero que esta asociación e mais o Concello merecen os parabéns por buscaren unha solución reparadora. As Cruces volve lucir o seu cruceiro. Non sabemos se o topónimo (presente noutras localidades galegas, ás veces como Cruces, e mesmo atopamos en Palmeira o lugar do Cruceiro das Cruces) remite verdadeiramente á existencia doutros cruceiros no lugar, ou se sería punto de conxunción devocionaria ou procesional de cruces portadas polos fieis de camiño á igrexa, mais desde logo este evocador nome da terra, de onde emerge a oración de pedra, fálanos da importancia das encrucilladas dos vellos camiños sacramentais.



Foto 6.

### Bibliografía:

- A.V. Feira dos Carros: <https://www.facebook.com/asociacionfeiradoscarros> (acceso: 3/10/2023).
- Marín Martínez, X. R. e González Pérez, C.: *Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arousa*. Deputación de Pontevedra e Museo do Pobo Galego, Pontevedra, 2003.
- Mariño, X.: *Patrimonio histórico-artístico de Outes. Apoio ó ensino do Coñecemento do Medio*. Vol. I. Tórculo Edicións, Santiago, 1998.
- Martín Ruiz, L.: *Cruceiros na provincia da Coruña*. Vols. I e III. Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña, 1999.
- Rodríguez Castelao, A. D.: *As cruces de pedra na Galiza*. Real Academia Galega, A Cruña, 1964 (discurso de ingreso na RAG, 1934).
- Rodríguez Castelao, A. D.: *As cruces de pedra na Galiza*. Galaxia, Vigo, 1984 [1950].
- Rodríguez Castelao, A. D.: *Cousas*. Galaxia, Vigo, 2015 [1926].

## *The show must go on.* Máis crónicas da Gran Bretaña pos-Brexit

Manuel do Río



Retrato oficial de Rishi Sunak, 2022, por Simon Walker, Wikipedia

É un feito constatábel que a política británica após o Brexit se converteu nun circo. Quizabes xa o era denantes -tal exploración déixase como exercicio para o aplicado lector- mais resulta transparente agora. Logo de ter ao pallaso Johnson en Downing Street, o partido Conservador recuperou un chisco de cordura e decidiu poñer ao anti-Boris en Downing Street. O novo xefe de cerimonia, para continuar coa metáfora circense, parecía unha aposta sólida: elegante, intelixente, pragmático, 'cos pés na terra', multicultural (o primeiro primeiro ministro de ascendencia india), e totalmente sen escrúpulos. Baixo a égida de Johnson e como *chancellor of the exchequer* (un título ben pomposo para o ministerio de economía), Rishi Sunak xogara a mago, cadrando as contas durante o confinamento, repartindo libras a esquerda e dereita, transmutan-

do o descenso económico nunha sinfonía de follas de cálculo, onde o único crescendo máis alto que os números era o grande interrogante colectivo que xurdía nos miolos do público británico, preguntándose: 'De onde sae este diñeiro, e a onde vai?'. Mais o truco de mans funcionou, por un tempo. Lincoln dicía que podes enganar a algúns todo o tempo, ou a todos por algún tempo, pero non a todos todo o tempo. E a realidade parece que conseguiu por fin alcanzar ao actual primeiro ministro.

O certo é que dende o seu ascenso aos ceos, a situación británica segue, paseniñamente, de peor a peor. A economía está estanca, con medres raquíticos e unha deterioración lenta e inexorable nas condicións de vida dos británicos. Lonxe fican as promesas dun Singapur sobre o Támesis, unha economía florecente de libre mercado fronte ao estatismo castrador da Unión Europea. Sendo xustos, podería dicirse que toda a política británica dende hai un século é basicamente a xestión do seu descenso e da perda do seu antano poderoso imperio colonial. Mais, economicamente, é ben sabido polos expertos que perder colonias, por moito que afecte ao prestixio e autogabanza do estado-nación, adoita ter efectos económicos positivos para a antiga metrópole. Porén, o Reino Unido fica atrapado nun ámbar poderoso resistente ao soprete, impenetrábel ao ácido. Recentes enquisas amosan que esta mentalidade de 'xestión do empobrecemento e do declive' é percibida pola xuventude británica de xeito máis virulento que noutros lares. Nas próximas eleccións que terán lugar este ano augúrase un xiro á esquerda non menos brusco que o xiro á dereita da elección de Boris. E parece que estas novas xeracións non están dispostas a seguir apandando co discurso da decadencia. Nos oito anos que levamos dende o Brexit, diríase que non pasou o tempo, alomenos para indicadores como crecemento de salarios, produtividade, acceso á vivenda, custos educativos, estado do benestar. O partido de centro-dereita que goberna xa non celebra as posibilidades da iniciativa e o éxito emprendedor, como sería de agardar neles, senón o tradicional '*stiff upper lip*' -apandar con baixos salarios, peores condicións de vida que as xeracións previas e non queixarse. O Reino Unido segue en *festina lente* caída libre, e o peor da caída é que aínda non se albisca o chan ao que pode chegar.

# Feijóo-Rueda e a lingua galega: un erro cada segundo e medio

Xosé Carlos Gz Añón

Non hai moito, os medios de comunicación españois reflectiron o estupor causado polo feito de Alberto Núñez Feijóo, presidente do PP (un dos partidos dominantes do Estado), cometer tres erros na lingua castelá en oito segundos. Difundiuse así, por exemplo, no diario dixital *Público*: <https://www.publico.es/tremending/2024/02/06/fejoo-comete-tres-errores-en-un-discurso-de-ocho-segundos-al-final-casado-va-a-parecer-einstein/>.

O caso é que, ó ler iso, non podemos evitar lembrar que, cando era presidente da Galiza polo PP (o partido dominante da nosa nación) e falaba galego (o cal non sempre facía, como ben sabemos), algo así era o habitual. Non dicimos exaxeración ningunha. Non era nada excepcional nin illado. **Unha marca similar de erros, ou habitualmente superior, mantiñase en tódalas intervencións ou discursos que facía en galego, e non en momentos puntuais senón dende o seu principio ata o seu final.**

A diferenza está, obviamente, en que o galego é unha lingua minorizada, moi lonxe de estar normalizada e, ademais, a xente galega tampouco non ten, en xeral, a conciencia nacional que hai, por exemplo, no País Vasco ou na Catalunya. Por iso eses erros, ese maltrato continuo á lingua do país do cal era presidente, pasaban maioritariamente desapercibidos ou consentidos; o cal, como comprobamos, non ocorre nin de lonxe no caso do castelán, en que mesmo unha simple falta de ortografía dun personaxe público non deixa de ter consecuencias. **No caso da lingua galega, os erros, alén de infinitamente máis numerosos, son moito máis graves** cás faltas de ortografía ou de pronuncia, xa que son, case sempre, castelanismos, é dicir, o uso de palabras ou expresións alleas á lingua galega.

Poderíamos ilustrar isto que estamos a dicir con calquera das intervencións en galego do señor Feijóo cando era presidente galego. Eliximos, por exemplo, unha de 2020, en plena pandemia, que podemos ver en <https://www.rtve.es/alicarta/videos/telexornal-galicia/segunda-edicion-21-12-2020/5743644/> (a partir do minuto 3 e 27 segundos desa emisión da RTVE) e que transcribimos a seguir, cos erros máis evidentes (todos, excepto o primeiro, castelanismos groseiros) marcados en vermello e explicados despois:

... ningún **INCONVINTE** en pedir **DISCULPAS SI** hai que pedilas, por suposto que si. Despois de falar, un **SE PON** a **MASCARILLA** e pode haber **UNHOS** segundos entre que fala, que acaba de falar, e **SE** pon a **MASCARILLA**, que se pode tocar **A** unha **PERSONA**. **SI ESO** pode producir algunha interrogante, o primeiro que ten que **DISCULPARSE** son eu, que foi o que pasou.

- **\*INCONVINTE**: no galego é “inconveniente”, xa que non se trata dunha palabra patrimonial.
- **\*DISCULPAS**: así é no castelán, mais no galego é “desculpas”.

- **\*SI**: conxunción condicional castelá; no galego é “se”.
- **\*\*SE PON**: aquí hai dous erros nun. O pronome “se” está colocado ó revés e, ademais, non debería xa haber pronome, pois este tipo de construcións, chamadas reflexivas indirectas, son propias do castelán (“me pongo la chaqueta”, “se lavan las manos”) pero totalmente incorrectas no galego (onde se di “poño a chaqueta”, “lavan as mans”, sen o pronome). Neste caso, polo tanto, o correcto é “un pon a máscara”.
- **\*MASCARILLA**: é obvio que isto só pode ser castelán. No galego é “máscara”.
- **\*UNHOS**: evidentemente, dise aquí por calco do castelán “unos”.
- **\*SE PON**: outra vez; mais aquí só imos considera-lo erro da reflexiva indirecta, xa que a colocación do pronome “se” poderíamos entendela correcta por vir dun “que” anterior. A cuestión, con todo, é que non debería haber pronome.
- **\*MASCARILLA**: tamén outra vez...
- **TOCAR \*A UNHA \*PERSONA**: a preposición “a” diante dun obxecto directo é correcta no castelán mais non no galego (agás noutro tipo de casos gramaticais, excepcionais, en que se podería aceptar). **\*Persona** tamén é, como non, palabra castelá.
- **\*SI \*ESO**: outras dúas palabras castelás. Que coincidencia...
- **\*DISCULPARSE**: máis do mesmo...



Foto: Europa Press

Non se trata, como se di case sempre como escusa, de que se use un galego “non normativo”. Que sexa normativo ou non é o menos importante. O problema, o desastre, é que se usa un galego que non é galego, senón unha mestura de galego e castelán; poderíamolo considerar mesmo un castelán disfrazado de galego.

Polo tanto, un presidente galego que respectase minimamente a lingua galega tería que dicir algo así:

*... ningún inconveniente en pedir desculpas se hai que pedilas, por suposto que si. Despois de falar, un pon a máscara e pode haber uns segundos entre que fala, que acaba de falar, e pon a máscara, en que se pode tocar unha persoa. Se iso pode producir algunha interrogante, o primeiro que ten que desculpase son eu, que foi o que pasou.*

Xa indicamos que sería o mínimo. Non entramos xa no bo que sería usar unha sintaxe e construcións máis propiamente galegas, que non fosen un calco ou tradución do castelán, pois isto xa parece unha utopía hoxe. E tampouco non nos imos referir á calidade oratoria e á claridade argumental da exposición, con certeza mellorábeis dabondo.

Incluso de admitirmos que algunhas cuestións, como a colocación dos pronomes, poden supor certa dificultade para neofalantes do galego (malia que Feijóo disque se criou nos Peares e, en todo o caso, en moitísimo menos tempo do que levaba na presidencia, non digamos xa na escena pública, calquera podería dominalas), outras, como o caso de “mascarilla”, requiren simplemente a vontade de non empregar no galego termos que evidentemente non son galegos; a vontade dun uso correcto do galego que é obvio que esta persoa non tiña en absoluto, nin sequera por consideración ó que representaba.

Polo tanto, resulta manifesta a desidia, por non dicírmolo absoluto desprezo, que amosaba o entón presidente respecto da lingua que nos identifica como pobo e de cuxa defensa e normalización tería el que se-lo máximo responsábel.

Mais tamén, lamentablemente, podemos dici-lo mesmo da maioría dos cargos públicos, entre eles o seu sucesor, Alfonso Rueda (o cal segue coa mesma conduta terríbel para a lingua), e, tamén, dunha gran parte da poboación galega. E, contrariamente ó que afirma o discurso oficial, as xeracións que saen agora do ensino galego tampouco non o fan moito mellor (de non usaren xa outra lingua; mais isto xa sería outra cuestión, tamén desoladora). Todo este escenario é reflexo e consecuencia, en definitiva, da nefasta política lingüística da Xunta en todas estas décadas, a cal levou, entre outras cousas, a considerar normal aquí o que en calquera pobo que valore minimamente a súa lingua sería un escándalo.

De feito, a Secretaría Xeral da Política Lingüística da Xunta, que fora interpelada daquela (precisamente co exemplo exposto aquí) respecto da calidade lingüística vergoñenta do presidente e do seu desprezo do galego, mirou para outro lado e nin sequera tivo a consideración de responder.

Segundo indicamos, nese exemplo detectamos **14 erros** en aproximadamente 21 segundos (medidos dende o primeiro erro ata o último); é dicir, **un erro cada segundo e medio**. Insistimos en que **poderíamos buscar aleatoriamente calquera outra**

**intervención en galego de Feijóo (ou de Rueda) e os resultados serían semellantes**. Pola contra, o suceso tan comentado dos 3 erros no castelán en 8 segundos, mesmo sendo criticábel e estando totalmente xustificada a súa difusión masiva, suporía un erro cada 2,7 segundos e ademais, obviamente, non podemos dicir que esa marca sexa algo permanente nas intervencións en castelán. Precisamente por ser excepcional é polo que mereceu esa difusión.

Algo similar ó exemplo galego exposto é absolutamente impensábel que ocorra no castelán, mais, de se-lo caso, tería consecuencias fulminantes.

A cuestión importante de fondo é que, contrariamente ó que expresan moitos discursos, inclusive discursos e estudos oficiais, a situación das linguas do Estado que non son o castelán é delicada (polo menos no caso do galego, desastrosa) e está a anos luz de resistir calquera comparanza coa do propio castelán. De feito, **a raíz (ou unha das raíces) do problema está na propia Constitución española, que, alén de estendelo xeograficamente, obriga a coñece-lo castelán mais non estoutras linguas**, nin sequera nos seus propios territorios; polo cal, máis ca de “linguas cooficiais”, **sería máis xusto falar de “linguas suboficiais”**.<sup>1</sup>



O secretario xeral de política lingüística, Valentín García, con entón presidente.  
Foto: G. Aberta

Fronte a isto, teríamos que procurar para a lingua galega, polo menos, un mínimo de dignidade e, polo tanto, de calidade, buscando que se use o máximo posíbel mais tamén o máis correctamente posíbel. Conseqüentemente, deberíamos comezar por lles exixirmos ás persoas que nos representan, e máis aínda ás que teñen a máxima representación do país, como Feijóo antes e agora Rueda, que se preocupen de aprender e dar un bo exemplo. E á Xunta, especialmente á Secretaría Xeral da Política Lingüística, que asuma a súa responsabilidade. Non se pode seguir mirando para outro lado e negar ou ignora-la evidencia cando hai un erro cada segundo e medio.

<sup>1</sup>. V. “Árbores e bosque na normalización lingüística galega” na *Terra de Outes*, números 52 ó 54.

## A dieta atlántica de Añón (II)

Ramón Blanco

Co Pampallín aínda fresco sae do forno este número e participamos dos ritos propiciadores das boas colleitas, do ciclo vital da primavera que acompaña a fartura do pan, o alimento esencial cuxo nome era noutrora metonimia do propio cereal, daba igual que fose trigo ou centeo. Ou mesmo o millo aínda plantado se facemos caso do lexicógrafo Eladio Rodríguez. En lugares próximos a nós non é infrecuente chamarlle pan ao centeo, e aínda hai onde denominan así o propio cultivo deste cereal. De xeito similar hai zonas galegas onde a paneira é o nome que recibe o hórreo, mais na nosa zona a paneira era a parte inferior deste, o espazo situado entre os pés, tamén cerrado.

En calquera caso da importancia do pan fala a súa polisemia. Sinónimo de alimento ou de salario (no antigo Exipto usouse como moeda para pagar aos xornaleiros) e símbolo relixioso en tantas culturas... Na eucaristía cristiá, e de aí a reverencia histórica (engrandecida pola fame secular), mais tamén no *Xénese* (3, 19) do *Antigo Testamento*: “Comerás o pan coa túa suor, ata que volvas á terra da que fuches tirado. De feito ti es po e ao po tes que volver”. A ritualización pagá exprésase nos nosos “maios” particulares, coas versións de cada parroquia: “Pampallín pampallán,/ alumía o meu pan./ Cada espiga o seu ferrado,/ cada gran o seu bugallo”... “Pampallín pampallán,/ isca as meigas deste pan./ Dános grans coma bugallos/ e espigas coma carballos”...

Como non podía ser doutro xeito, noméase o pan (e de paso os pampillos -ou pampullos-, que, por certo, medraban entre o centeo) nun dos poemas máis representativos de Añón, “Recordos d’a Infancia”. Na versión máis longa do mesmo recolleemos estes versos: “Corria a miña nena/ Po-l’a pradeira amena/ Para coller os rústicos jacintos/ Melosas madresevas, amapolas,/ Campaiñas, pampillos, dedaleiras/ N’os arrós, entr’o pan, ou n’as silveiras,/ (...)”.

E nun arrouto de humildade, na composición que dedica a Eugenio Montero Ríos, “Ministro de Gracia y Justicia”, ofrécelle a quen o enchufou no arquivo do ministerio, por se visita Outes, a rústica casa de Boel descrita coa mesma graza (e maior retranscrición) coa que nos pintara as paisaxes da infancia: “Po’las rendixas d’as tellas/ entran os céfiros gratos/ fungando po’las orellas;/ dende a cama de follatos,/ poden contarse as estrelas”. Sírvenos esta alusión ao leito campesiño para falar do aproveitamento do millo, cal se fose do porco, pois a folla que recobre a mazaroca, sen ser comestíbel para os humanos, tampouco se desperdiciaba, e estando seca tanto servía para estrar os animais como para encher colchóns (ou para fumar, en terras americanas).

Desde logo para nós o aproveitamento sofisticado é o que ten que ver coa nutrición, do que xa falabamos no anterior artigo. Así, sen deixar de lado as festas cíclicas asociadas ao mundo rural, botamos man dun dos poemas máis coñecidos de Añón,

nada menos que “O Magosto”, para falarmos doutro dos enxeños do noso campo: o muíño, con parella consideración á do hórreo no seo da asociación Terra de Outes, como tamén así era no campesiñado galego; o almacén e a fábrica: coas cousas de comer non se xoga. Aparece no texto o “moíño d’o Portelo”, escenario dunha festa rachada: “E d’esta sorte pasamos/ A noite con grande gosto,/ De parolar nos cansamos,/ E defuntando o magosto/ C’as meniñas rebuldamos./ A fariña se atafega,/ Rola o moíño muy quedo/ (...)”.

Outro muíño referido na obra do poeta é o dos seus parentes, o “muíño d’Añón” (ou “moíño de tal” noutras versións do texto) presente en “Alma en pena” (ou “A pantasma”). O muíño aínda o usaban varios parceiros cando Fernando Bel Ortega o inclúe na súa tese doutoral. Ao tal muíño, chega o personaxe do poema: “Non parece senon q.e polo aire/ tiña chegado o sinalado punto/ e catame o defunto/ que ja rugindo ven por entre o millo/ (...)”. Máis unha vez a paisaxe agraria dominada polo millo, e desfaiase nese intre o enredo que aparentaba sobrenatural: “Era a miña Minguicha en corpo e alma,/ c’un-a saba cuberta/ (...)” e entramos no moíño q’era tarde/ para dormir aquela noite juntos/ po-lamor dos defuntos”. Xa ben dicía un vello profesor noso: no muíño non só se moía fariña... E engadimos: non só de pan vive o home.



Pampallín ardendo. Foto: Anxo Núñez Fernández